



<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias/grao-biotecnologia-2a-edicion>



Grao en Biotecnoloxía



www.usc.gal



Biotecnoloxía

O Grao en Biotecnoloxía ofrece ao alumnado formación nas distintas aplicacións tecnolóxicas dos seres vivos e os seus derivados e permite adquirir as competencias necesarias para traballar nun sector cun forte crecemento e con excelentes perspectivas laborais.

Tipo Presencial

Área Ciencias

Centro Facultade de Bioloxía
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
15782 Santiago de Compostela
facultade.bioloxia.decanato@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias/grao-biotecnoloxia-2a-edicion

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4 anos

Número de prazas: 50

Data de inicio: Setembro

Ponderación de materias para o acceso: Bioloxía (0,2), Física (0,2), Matemáticas II (0,2), Química (0,2)

Plan de estudos

No grao existen 60 créditos de Formación básica, 129 obrigatorios, 31,5 optativos, 4,5 de Prácticas Externas obrigatorias e 15 de Traballo Fin de Grao. O módulo de Formación Básica concéntrase en 1º e 2º curso, o módulo de Formación Obligatoria sitúase maioritariamente en 2º e 3º curso do grao, e en 4º curso concéntranse os módulos de Prácticas Externas Obligatorias, Traballo fin de Grao e materias optativas relacionadas coa Biotecnoloxía Industrial, Sanitaria e Agroalimentaria.

Os estudantes deberán realizar un Traballo Fin de Grao baixo a supervisión de un ou máis titores académicos, o cal presentarán e defenderán publicamente diante dun tribunal formado por docentes da titulación.

Mobilidade e prácticas

A través do Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE) como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

O plan de estudos para o Grao en Biotecnoloxía contempla a realización de prácticas externas obrigatorias.

Poderán realizarse en empresas ou entidades públicas e privadas relacionadas co ámbito da biotecnoloxía nun sentido amplo.

Perfil de ingreso

O perfil máis adecuado para o estudo deste grao é unha boa formación previa en bioloxía, matemáticas química e física. Un número importante de materias requiren o emprego de modelos matemáticos e a resolución de problemas numéricos. Recoméndanse tamén coñecementos básicos de informática e un nivel medio de inglés. Tamén son moi importantes a motivación e a capacidade de traballo autónomo.

Saídas profesionais

Algunhas das principais áreas de traballos biotecnólogos son a sanidade humana e animal, a enxeñería de procesos biotecnolóxicos, o sector agroalimentario, a acuicultura ou a xestión do medio natural.

O Grao en Biotecnoloxía ofrece unha ampla formación transversal que permite a incorporación ao mundo laboral en diversos ámbitos profesionais. Entre eles podemos incluír:

- Investigación e desenvolvemento de procesos biotecnolóxicos, tanto en empresas como en universidades ou institutos de investigación.
- Dirección de empresas biotecnolóxicas e xestión da investigación e desenvolvemento en industria e organismos públicos.
- Patentes e propiedade intelectual.
- Asesoría e consultoría.
- Ensino e comunicación científica.

